

Circular de planificación para o curso 2023/2024 sobre a xestión do transporte escolar, aclaratoria da Instrución 1/2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Dirección Xeral de Mobilidade, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares no curso escolar 2023-2024.

Ao remate do período lectivo de cada curso é preciso realizar un proceso de planificación sobre as necesidades do servizo de transporte escolar para o curso seguinte.

Esta planificación quedará condicionada ao que dispoña a instrución 1/2023 . Sen prexuízo da modificación posterior dalgún dos seus puntos, nun principio comprenderá:

I - DETERMINACIÓN DAS PERSOAS ALUMNAS CON DEREITO A TRANSPORTE ESCOLAR

1.- Definición

Serán **persoas usuarias con dereito** do transporte escolar **gratuíto** as persoas alumnas escolarizadas en 2º ciclo de educación infantil ou en **niveis de ensinanza obrigatoria** cuxos domicilios se encontren fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 quilómetros, calculada utilizando o itinerario máis directo á pé.

Para poder ser **persoas usuarias con dereito** ao servizo as persoas alumnas deberán estar escolarizadas no **centro que lle corresponda**, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida, ou contar cun ditame de escolarización forzosa emitido pola administración educativa. Neste caso, valorarase excepcionalmente ampliar provisionalmente a ruta afectada se os tempos permiten a realización do servizo ou facilitar unha axuda individualizada. Para este trámite é imprescindible presentar o ditame de escolarización forzosa ou certificado da dirección do centro que acredite o carácter forzoso da escolarización.

2.- Tramitación

Unha vez aberta a nova convocatoria na aplicación, as **persoas usuarias con praza asignada** no transporte , serán introducidas na aplicación informática "Transporte Escolar" na parada que lles corresponda de acordo o seu domicilio, e en todas e cada unha das expedicións das que sexa usuaria (Expedición de entrada, expedición mediodía e expedición de saída). É función do equipo directivo proceder á prelación das persoas usuarias excepcionais no caso de ter máis solicitudes que prazas de acordo co disposto na instrución.



II - ESTUDO DA NECESIDADE DE NOVAS PARADAS

1.- Solicitudes de novas paradas

As novas paradas solicitaranse polas persoas interesadas para persoas usuarias con dereito nos centros escolares dentro dos prazos que establece a instrución.

Paradas de rutas de Educación (ED)

A dirección do centro remitirá as solicitudes por **sede electrónica** ao Servizo de Apoio aos Servizos Educativos desta Xefatura Territorial, utilizando o impreso que se acompaña. (Anexo I – Solicitud de Modificación de Itinerario do curso 2023-2024).

Subsidiariamente, **de non poder utilizar o rexistro electrónico**, enviarase a solicitude por correo electrónico, utilizando o mesmo impreso escaneado á dirección do correo : rec.educacion.coruna@xunta.gal

Evitar a duplicidade de solicitudes por sede e por correo electrónico.

Paradas de rutas integradas transporte de Mobilidade (XG)

As modificacións que afecten a itinerarios de transporte integrado, serán enviadas por sede electrónica directamente ó Servizo provincial de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, órgano competente para resolvelas.

Poden consultar todas as rutas, as súas paradas, mapas dos itinerarios, características do vehículo escolar, número de prazas, se é un vehículo adaptado, se conta con persoa acompañante entre outros datos de interese na aplicación Transporte Escolar en : **Centros-Xestión de Centros.**

Os datos referentes ás rutas atópanse na aplicación informática Transporte Escolar (*informe **TRO02**-estadístico de alumnado por parada*).

Con carácter xeral, non se autorizarán desviacións de itinerarios de transporte escolar nos que existan menos de 2 quilómetros de distancia da parada solicitada ao domicilio familiar.

As solicitudes de menos de 2 quilómetros de distancia domicilio-parada que impliquen incremento da lonxitude do itinerario, **acompañaranse dun informe da dirección do centro, sinalando as circunstancias excepcionais** que poidan xustificar a necesidade da modificación, achegando a documentación complementaria que sexa de interese. En caso contrario serán denegadas ao non acreditarse ditas circunstancias excepcionais.



Serán devoltas aos centros para a súa corrección, as solicitudes cos datos incompletos, **especialmente sen código de ruta ou localización** das paradas novas. No caso de non contestar a este requirimento, considerarase desistido da súa petición, e archivaranse sen máis trámite.

IMPORTANTE: Non se solicitarán nin se dará trámite a paradas novas **fóra da zona de escolarización**, excepto para aquel alumnado que conte cun ditame ou comunicación de escolarización forzosa.

2.- Prazos:

Ata o **07 de xullo** para todas as solicitudes.

Unicamente poderán ser tramitadas fóra deste prazo solicitudes por necesidades extraordinarias **debidamente xustificadas**, cambios de domicilio, escolarizacións posteriores ao comezo do curso, escolarizacións forzosas, etc.

3.- Persoas con discapacidade motórica:

As solicitudes para atender ao traslado de persoas con necesidades especiais enviaranse con **carácter prioritario** en canto se teña coñecemento desta necesidade a dirección electrónica: rec.educacion.coruna@xunta.gal

III- OCUPACIÓN DOS VEHÍCULOS ESCOLARES

1.- Rexistro na aplicación Transporte Escolar

Resulta de especial importancia coñecer o nivel de ocupación dos vehículos escolares en calquera momento, por este motivo, débense rexistrar e manter actualizadas ás persoas usuarias do transporte na aplicación informática do transporte escolar.

Este rexistro deberá estar completado antes do inicio do curso escolar.

Despois do remate da introdución na aplicación informática das persoas alumnas, serán entregadas aos correspondentes acompañantes do transporte escolar, caso de existir, ou á persoa responsable da empresa transportista, as relacións nominais do alumnado por rutas e paradas xeradas por dita aplicación (*informe **TRO04**-alumnado por contrato e parada*) coa finalidade de que poidan controlar, dende o primeiro día do curso, as persoas usuarias que correspondan a cada vehículo.

Agás cambios de domicilio debidamente acreditados, a asignación da parada para cada persoa usuaria do transporte será fixa para todo o curso.



2- Modificación de servizos

Os centros escolares comunicarán **coa suficiente antelación** as saturacións de usuarios nos vehículos mediante certificación ou informe da dirección do centro, con especificación do **número de usuarios con dereito por parada**, para poder dar unha resposta axeitada no menor prazo de tempo posible. Así mesmo comunicarán preferentemente antes do comezo de cada curso escolar a existencia de vehículos innecesarios, sen alumnado ou posibles melloras para o deseño das rutas.

Paradas fóra da zona de escolarización do centro:

Manteranse no caso de existir persoas usuarias con dereito a transporte. Os centros deberán acreditar a existencia nestas paradas xa establecidas de persoas alumnas coa condición de usuarias con dereito derivada da súa escolarización obrigatoria no centro ou por ser afectadas por unha modificación da zona de escolarización.

IV- SOLICITUDES DE INFORME DE VIABILIDADE PARA A IMPLANTACIÓN DE XORNADA ÚNICA OU MIXTA

1.- Solicitudes

A persoa directora do centro interesado no proceso de implantación de xornada única de mañá ou mixta, **solicitará a este Servizo o preceptivo informe de viabilidade despois da votación do Consello Escolar e do Claustro de Profesorado** na que deberán indicar o horario anterior, novo horario proposto con indicación do comezo das clases e finalización de cada sesión, horario solicitado de transporte escolar cun diferencial de 10 minutos sobre o horario lectivo ou de selo caso despois de comedor escolar ou actividades. No caso de que desexen manter o horario de xuño e setembro deben indicarlo expresamente.

Para realizar a votación do sector de nais, pais ou titores é necesario que o centro dispoña previamente do informe favorable do Servizo de Apoio aos Servizos Educativos respecto do transporte escolar e comedor.

Nos centros con transporte integrado, o informe de viabilidade estará sometido ademais á normativa complementaria de Mobilidade que se puidese aprobar.

Naqueles casos nos que o informe de transporte resultou positivo pero finalmente a votación no sector de nais e pais resultara negativa, deben comunicar o resultado negativo da votación a: rec.educacion.coruna@xunta.gal co fin de que esta unidade tramite o arquivo do expediente.

2.- Prazos

Rúa Vicente Ferrer, 2
15071 – A Coruña
correo-e: rec.educacion.coruna@xunta.gal



Os informes serán solicitados coa antelación suficiente para poder cumprir os prazos sinalados na normativa. Con carácter xeral con anterioridade ao **30 de novembro**.

V- INCIDENCIAS NO TRANSPORTE

As irregularidades ou deficiencias que se observen diariamente na execución do servizo de transporte escolar deberán ser comunicadas polas direccións dos centros a esta Xefatura Territorial **coa maior exactitude e no máis breve prazo posible**, indicando o **código da ruta** afectada co formato (**ED15_____**), data, hora, feitos e circunstancias acontecidas. Para esta comunicación será necesario utilizar a dirección de correo electrónico: rec.educacion.coruna@xunta.gal

As incidencias comunicaranse diariamente á maior brevidade e, na medida do posible, mediante unha **certificación asinada** pola persoa directora ou membro do equipo directivo na que consten os datos indicados. Para a comunicación da incidencia poden enviar esta certificación á dirección de correo electrónico: rec.educacion.coruna@xunta.gal.

Pola súa parte, no caso de servizos integrados, os centros escolares deben **remitir as incidencias ao Servizo provincial de Mobilidade directamente** con indicación do código de expedición **XG**. Para esta comunicación será necesario utilizar a dirección de correo electrónico: mobilidade.coruna@xunta.gal

Os Servizos Provinciais de Apoio aos Servizos Educativos e os Servizos de Mobilidade procurarán dar traslado, reciprocamente, das incidencias das que teñan coñecemento e dos resultados das actuacións que leven a cabo para informar aos centros escolares.

CONTACTO: O contacto con este servizo para resolver calquera dúbida ou aclaración respecto das rutas dependentes de educación, realizarase preferentemente a través do correo electrónico:

rec.educacion.coruna@xunta.gal

A Coruña, na data da sinatura dixital
O xefe territorial

Indalecio Cabana Leira

